

O DÉPOR É DA CORUÑA

Apoio
institucional:
RAG, CCG,
Federación de
Peñas...

+100
referentes
culturais

Colantes,
cartaces,
videos,
concertos,
entrevistas...



Apoiado por todos
os IES públicos
da Coruña

Milleiros de
alumnos/as

Acción
popular

“O Dépor é da Coruña” é a primeira **campaña** estábel que encoraxa ao RC Deportivo a correxir o **topónimo** deturpado do seu escudo (LNL 1983), e que se suma á liña trazada por moitos dos socios nas súas asembleas, á liderada por Riazor Blues, Old Faces e Federación de Peñas, aos comunicados da Mesa Pola Normalización Lingüística ou ás iniciativas en redes como a creada por Antón Lezcano.

Nace desde un **centro de ensino público** da cidade da Coruña, o IES Rafael Dieste, con toda a forza da mocidade estudantil, e co apoio do conxunto de institutos públicos da cidade; das administracións públicas (Xunta, Concello e Deputación Provincial); dalgunhas das institucións de maior calado da sociedade galega (Real Academia, Consello da Cultura ou Universidade da Coruña); así como de referentes culturais e deportivos.

Faino procurando **accións** de dinamización exercidas activamente pola **mocidade**, a pé de rúa e con impacto real na contorna e na sociedade galega, desde un programa baseado no orgullo, na identidade e na integración que se alicerza no uso e promoción da lingua galega.

OBXECTIVOS

O Dépor é da Coruña

Obxectivo xeral:

Promover a **lingua** galega entre a **mocidade** (destinataria primeira de todo o traballo), procurando **impacto social** e **mediático** mediante a **acción directa** do propio alumnado. Romper os muros tradicionais da escola facendo que o **traballo activo** do estudantado galego teña **impacto directo** na **contorna** inmediata e no propio **país**, favorecendo ademais a **integración** do alumnado de orixe **migrante** a través do uso e defensa da lingua galega. Conseguir que a mocidade se **organice** e **coopere** con outros movementos asociativos para conseguir causas xustas desde o poder do **colectivo**.

Obxectivo específico:

Conseguir que o equipo máis laureado e de maior proxección mundial do fútbol masculino galego restaure o topónimo deturpado (~~La~~ **Coruña**), usando a norma oficial e en vigor desde 1983 (A Coruña), rachando dunha vez coa asincronía entre o nome da cidade e o do club. Porque: **o Dépor é da Coruña**.

NECESSIDADES E RECURSOS

Web, Redes, Grafismo, Materiais físicos e audiovisuais

Creacion de
nova web
profesional

CONMEMORACIÓN:
120 ANOS DE HISTORIA

O DÉPOR É DA CORUÑA



aquitamensefala.gal

identidade
adaptabile a
colantes, camisolas,
cartaces...

Eslogan, Imaxe,
tipografía e Pantone
simple, mensaxe
positiva

- Creación dunha **gráfica sinxela** e exportábel a distintos soportes
- Elaboración dunha **carta de cores** reducida (Azul, branco e amarelo)
- Procura dun **eslogan** directo: “O Dépor é da Coruña”
- Renovación **web** realizada pola empresa “Biro”
- Creación do **cancelo** #oDéporéDaCoruña para **redes** (Instagram, Tiktok, Youtube, Facebook ou X)
- Presentación da campaña da man do **alumnado**
- Consecución de **materiais**: Computadores, Cámaras profesionais, Software de edición de audio e vídeo (ver: [instagram.com/aquitamensefala](https://www.instagram.com/aquitamensefala))
- Creación de **recursos audiovisuais** por parte do propio alumnado do Dieste integrante do colectivo estudantil “Aquí tamén se fala”
- Elaboración de **textos e notas de prensa** de mans do propio alumnado
- Procura da **viralidade** e impacto mediático (Contacto con referentes culturais)
- Reclamacións por **canle administrativa** da restauración toponímica (Concello)
- Solicitud de **reunión** coa dirección do RC Deportivo
- Contacto con **colectivos** e profesionais do ámbito deportivo (Federación de Peñas, xogadoras etc).
- Procura de **apoios institucionais**: Xunta, Deputación, Concello, RAG, CCG, UdC...
- Delimitación da **duración** da campaña: Indefinida. Até logramos os obxectivos.



ALUMNADO IDENTIFICADO CON ACREDITACIONES REALIZANDO TRABAJO DE DOCUMENTACION GRÁFICA, REDACCION DE TEXTOS, PRODUCCION ETC. NO FESTIVAL ATSF NO QUE SE PRESENTOU A CAMPAÑA "O DÉPOR É DA CORUÑA"



**ACCIONES
MEDIDAS
ACTUACIONES**

1

MANIFESTO



MESES DE TRABAJO EN SECRETO COORDINANDO CENTOS DE ALUMNOS E ALUMNAS

A campaña nace nun **centro de ensino público**, o IES Rafael Dieste da Coruña, co alento da **mocidade**. Investigamos e vimos que houbo accións previas e movemento popular pedindo a restitución do topónimo da cidade no escudo do club, pero ningunha perdurou no tempo. A nosa nace co compromiso de concluír apenas cando se conseguir o cambio oficial.

Resolvemos elaborar un **manifesto** que foi asinado polo **100%** dos directores/as, xefes/as dos departamentos de Lingua Galega e polas persoas responsábeis dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega dos **institutos públicos** coruñeses; presidencia da **Real Academia** Galega; Presidencia do **Consello da Cultura** Galega; Reitor da **Universidade** da Coruña; responsábeis de lingua das Administracións públicas: **Xunta** de Galicia, **Deputación** da Coruña e **Concello** da Coruña; Coordinadora Provincial dos **EDLG**; Federación de **Peñas** do RC Deportivo; ex-**capitáns** históricos do club; expertos en **toponimia**; A **Mesa** Pola Normalización Lingüística ou representantes do **tecido cultural** galego.

Riazor é máis que unha praia de auga branquiazul. Nos días de xogo, milleiros de persoas fan medrar arredor desta casa o corazón da cidade. A Coruña orgúllase do seu club.

Desde 1906 o Dépor viu medrar a Real Academia, as Irmandades da Fala, a Cova Céltica, o pulo editorial de Lar e Nós, a reivindicación do Estatuto ou a Lei de Normalización.

Outros clubs deportivos máis mozos restituiron con dignidade e orgullo histórico os seus topónimos oficiais e patrimoniais. Deixar pasar esta eiva ten consecuencias que xeran disonancia e confusión na íntima relación do club e a cidade. É imposible pensar A Coruña sen o RC Deportivo, nin o Dépor sen A Coruña.

Este club nunca tivo medo de avanzar e diso dan proba os grandes éxitos colleitados, os xogadores que estamparon o seu nome nesa camisola, a creación pioneira dun equipo feminino ou a participación nunha liga comprometida coa diversidade e a inclusión.

Por todo iso, polas xeracións futuras, pola unión entre club e seareiros e por dar cabo dunha demanda que vén de longo percorrido, o Deportivo debe ser da Coruña. O cento e vinte aniversario do club pode ser, ademais, unha oportunidade histórica para demostrar compromiso e responsabilidade. Coraxe e determinación. Orgullo e identidade.

O Dépor é da Coruña.

1. IES Rafael **Dieste**
2. IES **Zalaeta**
3. IES **Adormideras**
4. IES Urbano **Lugrís**
5. IES Salvador de **Madariaga**
6. IES **Sardiñeira**
7. IES Monte das **Moas**

8. IES Otero **Pedrayo**
9. IES Rosalía **Mera**
10. IES **Puga** Ramón
11. IES Fernando **Wirtz**
12. IES **Agra** do Orzán
13. IES **Eusebio** da Guarda
14. IES de **Monelos**



2

ACCIÓN DE RUA

A **acción directa, colectiva e planificada** é un dos piares básicos sobre os que se asenta esta campaña de dinamización da lingua. Por iso, após a consecución dos apoios para o manifesto, iniciouse a **axitación cultural a pé de rúa**, nas previas dos xogos do Deportivo en Riazor, con rapazada participando de forma voluntaria e sempre fóra do horario lectivo.

O **alumnado**, así, repartiu milleiros de colantes e cartaces exercendo un intenso traballo informativo, promoveu cánticos, tivo presenza en festivais, contactou con **referentes** culturais e prensa elaborando **comunicados** e notas informativas, participou da organización de **concertos**, creou **materiais audiovisuais** (após formarse no propio instituto con profesionais do sector audiovisual como Alberto Castaño, Tomás Ageitos ou Nuno Pico) etc.

Do mesmo xeito, e por **vía administrativa**, fíxose unha reclamación ao Concello para restituír a toponimia na Rolda do RC Deportivo -agora xa, desde xuño de 2025- da Coruña.

**+40.000
COLANTES
REPARTIDOS**

**TEMOS CONSTANCIA DE COLANTES NOS EEUU, HUNGRÍA,
ESLOVENIA, ROMENIA, FRANZA, ITALIA, VIETNAM...**



1ª VITORIA DA MOCIDADE ESTUDANTIL: SOLICITUDE AO CONCELLO PARA CORREXIR O TOPÓNIMO NA RONDA REAL CLUB DEPORTIVO DA CORUÑA



Dieste inventa o teatro nacional

DIESTE COMO MURIEL, MUÑOZ COMO GALINDO

ANTIFASCISTA

DIESTE

REAL CLUB DEPORTIVO DE LA CORUÑA
O DÉPOR É DA CORUÑA
HOJE TOMAMOS DE FALA

REAL CLUB DEPORTIVO DE LA CORUÑA
O DÉPOR É DA CORUÑA
HOJE TOMAMOS DE FALA

COLABORACIÓN CON "O NOVO NORMAL" QUE COMERCIALIZOU CENTOS DE CAMISOLAS

O DÉPOR É DA CORUÑA

ACTUACIÓN SORPRESA

+ REPARTO 10.000 COLANTES

DOMINGO
25/01/26
ÁS 19:30

PORTA 4 DE RIAZOR
PREVIA DÉPOR - RACING



Desde o escenario, a Orquestra Bravú Xangai: [#odéporédacoruña!](#)

Amigos do [@RCDeportivo](#), mirade canto amor e ilusión hai detrás desta iniciativa escolar. Milleiros de seareiros do club cantando a coro unha reivindicación que vén de décadas xa!

[#AquiTaménSeFala](#)



CONCERTOS DE DIFERENTES BANDAS INCLUÍRON A REIVINDICACIÓN “O DÉPOR É DA CORUÑA”: ORQUESTRA BRAVÚ XANGÁI, ORTIGA, ULEX, GRANDE AMORE, TRAPALLADA...



#OdeporédaCoruña


PRESENZA E TRABALLO ACTIVO DO ALUMNADO DO DIESTE NAS PREVIAS DOS XOGOS DO DEPORTIVO DA CORUÑA EN RIAZOR.

COLABORACIÓN CON FEDERACIÓN DE PEÑAS, OLD FACES, RIAZOR BLUES E ADMINISTRACIÓN LOCAL

3

REFERENTES CULTURAIS

Após



Os vídeos poden ser vistos nas redes de ATSFala e suman, en conxunto, **máis de 500.000 visualizacións**, ademais de repercusión en prensa. Nesta mesma liña, seguimos preparando novas entregas.

Rodrigo Vázquez (Presentador de "El cazador", de TVE); **Xurxo Souto** (Escritor e músico dos Diplomáticos de Monte Alto e Orquestra Bravú Xangái, autor da canción "O Dépor somos nós" e outras sobre o Dépor); **Yolanda Castaño** (Premio Nacional de Poesía); **Fran Hermida** (Xornalista deportivo da Cadena Ser); **Juan Fuentes** (Presentador do programa "Quen anda aí?" da TVG); **Xosé Antón Fraga** (Xornalista deportivo da TVG); **Lucía Veiga** (Presidenta da Academia Galega do Audiovisual, presentadora do programa "Malicia Noticias" da TVG e actriz nominada aos Premios Goya); **Kiko Novoa** (Xornalista e presentador do programa "Galicia por diante" da Radio Galega); **Monti Castiñeiras** (Actor protagonista de filmes como "Sicixia" ou series como "A lei de Santos"); **María Canosa** (Escritora e presentadora da TVG nos programas "Cifras e letras" ou "Verbas van"); **Xabier Díaz** (Músico); **Sara Seco** (Creadora de contido); **Federico Pérez** (Actor protagonista de filmes como "Cuñados" ou series como "Era Visto!"); **Pedro Alberte** e **Diego Veiga** (Músicos na banda galega "Moura"); **Santi Romay** (Actor protagonista en obras teatrais e series como "Mareas Vivas"); **Rosabel Candal** (Xornalista e autora do libro "Dépor vida"); **Carlos Taibo** (Politólogo e escritor do libro "O penalti de Djukic); **Manuel** e **Benjamín** (Locutores do podcast deportivista "Cuánto sufrimos, Martín"); **César Morán** (Escritor e músico); **Marcos Pereiro** (Actor protagonista en series como "Air Galicia" ou "Viradeira", da TVG); **Xulio Ferreiro** (Profesor e ex-alcalde da Coruña); **Javier Guillén** (Xornalista e autor do libro "Mucho que decir y poco que contar"); **Isa Risco** (Actriz e pedagoga teatral, protagonista de series como "Era visto!" da TVG); **Antonio R. Fraga** (Escritor); **Diego Bernal** (Escritor e lingüista); **Carlos Ares** (Guionista e produtor. Ex-director da Academia Galega do Audiovisual); **Álex Charlón** (Músico da banda "Ataque escape"); **Mario Regueira** (Escritor); **Pepo Suevos** (Actor protagonista de filmes como "Entre bateas" e series de televisión); **Xan Veiga** (Monologuista); **Pepe Capelán** (Presentador do programa "Malicia noticias" da TVG e guionista); **Xosé Cendán** (Xornalista); **Paco Lodeiro** (Presentador de programas como "Atrápame se podes" da TVG e produtor); **Manuel Burke** (Actor protagonista de filmes como "Requisitos para ser una persona normal"); **Xosé Touriñán** (Actor protagonista de filmes como "Cuñados" ou series como "Fariña" ou "El desorden que dejas"); **Isabel Blanco** (Actriz protagonista de filmes como "Un franco, catorce pesetas" ou series como "Manos a la obra" e "Mareas Vivas"); **Rocío Barrio** (Actriz e presentador de televisión en programas como "Luar", da TVG); **Nuno Pico** (Músico na banda Grande Amore); **Xanma** (Músico na banda The Rapants); **Bieito Romero** (Músico fundador da banda Luar na Lubre); **Cibrán** e **Chicho** (Músicos na banda Boyanka Kostova, autores da música "Diego Tristán"); **Charlie Domínguez** (Músico fundador da banda Los Suaves, coautor da música "Riazor Blues"); **Violeta** (Música na banda Bala); **Mercedes Peón** (Música e etnomusicóloga); **Arturo Lezcano** (Xornalista deportivo); **Javi Torres** (Xornalista deportivo no programa Galicia en Goles da TVG); **Alfonso Hermida** (Xornalista deportivo dos informativos da TVG); **Jorge Lema** (Xornalista en medios como Deporté e Diario As); **Moncho Viña** (Xornalista e autor do libro sobre o Dépor "Moito que contar"); **Iria Veiga** (Divulgadora científica); **Jorge Mira** (Divulgador científico e presentador de televisión na TVG); **María Solar** (Escritora e presentadora de programas de televisión como "ZigZag" da TVG); **Carla Núñez** e **Marcos López** (Humoristas no programa "Todo Mal"); **Roi da Costa** (Humorista); **Carlos Meixide** (Escritor e humorista); **Manel Cráneo** (Ilustrador e director do Festival Viñetas desde o Atlántico); **Nuska Chousa** (Creadora de contido); **Jesús Suárez** (Autor da música "Himno 1906); **Habló Pablo** (Autor da música "Forza Dépor").... (ETC ETC ETC)

ADEMAIS: APOIO PÚBLICO DOS TRABALLADORES DO CLUB



Lucas Pérez,
Óscar Gilsanz, Hugo
Rama, Diego Villares,
Ruben, Dani Barcia,
Álex Bergantiños,
Dani Mallo...

IMPACTO SOCIAL E MEDIÁTICO

Avaluación e temporalización

- Deseño e **planificación** da campaña (De **xuño a outubro de 2024**)
- Consecución de **apoios históricos** de todas as **administracións** públicas e das máis importantes **institucións** do país, así como do total de institutos públicos coruñeses e representantes do tecido cultural e deportivo (Entre **outubro de 2024 e abril de 2025**)
- **Presenza masiva en medios** de comunicación (Máis de dúas dúzias de cabeceiras diferentes de Radio, Prensa Escrita ou Televisión, **desde abril de 2025**)
- Reparto de máis de **40.000 colantes** (desde **abril de 2025**)
- Apoio directo de máis dun cento de **referentes culturais** (**abril e maio de 2025**)
- Presenza da Campaña na Festa de aniversario do título de Liga do Deportivo promovida pola **Federación de Peñas** (**maio de 2025**)
- **Colaboración** do alumnado co medio dixital “**O novo normal**” realizando entrevistas sobre a campaña (**maio e xuño de 2025**)
- Restitución do topónimo nas **placas oficiais do Concello** da Coruña (**xuño de 2025**)
- **Presentación** da campaña **no Festival** Aquí Tamén se fala perante máis de 5.000 persoas, coa **actuación sorpresa** do autor do **himno en galego** do Dépor, Jesús Suárez (**xuño de 2025**)
- **Reunión co club** da que se acabou materializando o **primeiro inquérito popular e oficial** realizado polo RC Deportivo sobre o topónimo en 120 anos de historia (**novembro de 2025**)
- **Concerto sorpresa de Grande Amore** na previa do xogo Dépor vs Racing de Santander (**xaneiro de 2026**)



O Novo Normal: A Coruña
15 de xullo de 2025 · 🌐

AMIGOS!

A espectacular rapaza do IES Rafael Díaz, da xeral iniciativa "Aquí tamén se fala galego", Enriko, Lidia, Susana, Román, Julieta, Natalia, Elyas, Dario, Aroa, Noa, Evelyn, Olic e César... rematou de compartir os seus fantásticos testemuños para o takeover de O NOVO NORMAL en apoio á súa campaña "O DÉPOR É DA CORUÑA" 🙌🏻🙌🏻🙌🏻

Agora...técamos coñecellos a eles un pequiño máis 🙌🏻🙌🏻

🔪 IDES FLIPAR!



Colaboración do alumnado
co medio dixital:
"O novo normal",
asumindo as tarefas de
redacción, documentación,
edición etc.

**Presentación da campaña perante 5.000 persoas
e interpretación do himno en galego do Depor:
Fillos de Breogán 1906**



Placa oficial do Concello da Coruña atendendo as reivindicacións da campaña. Ao fondo, o IES Rafael Dieste



questionnaires.tolunastart.com

▼ E canto te identificas coa seguinte denominación: *Real Club Deportivo da Coruña*?

Nada identificado

Pouco identificado

Moderadamente identificado

Bastante identificado

Totalmente identificado

E, cal das dúas prefires?

Real Club Deportivo da Coruña

Real Club Deportivo de la Coruña

**Inquérito popular realizado polo RC Deportivo sobre o topónimo.
O primeiro en 120 anos de historia.**

- "O Dépor é da Coruña": 'Aquí tamén se fala' aprema o club a usar o topónimo oficial nunha ambiciosa campaña (Praza, 02/04/25)
- El IES Rafael Dieste pide al Deportivo usar el topónimo oficial de A Coruña: repartirán 15000 pegatinas y lo apoya Álex Bergantiños (La Opinión A Coruña, 02/04/25)
- "O Dépor é da Coruña", o novo reto normalizador de Aquí Tamén Se Fala (Xornal da Coruña, 02/04/25)
- O Dépor é da Coruña: a nova campaña pola lingua de "Aquí tamén se fala" (Nós Diario, 02/04/25)
- Alberto Pombo: "O Dépor sempre amosou boa disposición" (Radio Galega, 03/04/25)
- A campaña 'Aquí tamén se fala' pide ao Deportivo usar o topónimo oficial A Coruña (Riazor.org, 03/04/25)
- 'O Dépor é da Coruña': la campaña para cambiarle el nombre al Dépor de 'Aquí tamén se fala' (El Español, 03/04/25)
- "O Dépor é da Coruña": O IES Rafael Dieste lidera unha campaña pola galeguización do nome do equipo (Neofalantes, 03/04/25)
- Estudiantes y aficionados del Deportivo de La Coruña relanzan la campaña para cambiar el nombre del club (Galicia Press, 03/04/25)
- Un instituto pide al Deportivo usar el topónimo oficial: «O Dépor é da Coruña» (Faro de Vigo, 03/04/25)
- La campaña que podría cambiar el nombre del Deportivo de La Coruña (Enfoques.gal, 03/04/25)
- O alumnado do IES Rafael Dieste reivindica que "O Dépor é da Coruña" (Consello da Cultura Galega, 03/04/25)
- O Dépor é da Coruña (Deporté Campeón, 04/04/25)
- "O Dépor é da Coruña": a campaña que pide actualizar o nome oficial do Deportivo (Cadena Ser, 04/04/25)
- O Dépor é da Coruña (Diario de Ferrol, 04/04/25)
- O Dépor é da Coruña (Diario de Bergantiños, 04/04/25)
- O alumnado do IES Rafael Dieste reivindica o uso do topónimo oficial da Coruña no nome do Real Club Deportivo (Observatorio da Lingua, 04/04/25)
- O abrupto camiño cara un Dépor da Coruña (Deporté Campeón, 05/04/25)
- O Dépor é da Coruña: a nova campaña pola lingua de 'Aquí tamén se fala' (Cadena Cope, 06/04/25)
- "Aquí tamén se fala" fixa como obxectivo que "o Dépor sexa da Coruña" (Toponimia de Galicia, 07/04/25)



- «O Dépor é da Coruña», un chíu que resoou na previa do Cádiz (La Opinión A Coruña, 08/04/25)
- O Dépor é da Coruña (Mundiario, 08/04/25)
- Alumnos de un instituto impulsan una campaña que podría cambiar el naming oficial del Deportivo da Coruña (Briefing galego, 09/04/25)
- A Real Academia apoia o cambio de nome do Deportivo: «Non habería maior chiscadela para os mozos»(La Opinión A Coruña, 09/04/25)
- Surge una campaña para cambiarle el nombre al Deportivo (EPM, 10/04/25)
- "Da Coruña": a anomalía no topónimo do Deportivo albisca o seu fin (Praza, 12/04/25)
- La campaña 'O Dépor é da Coruña' suma a su causa a rostras referentes de la cultura gallega (El Español, 02/05/25)
- Referentes culturais da literatura, da prensa, da música, do cine ou da televisión... pídenlle ao Dépor que cambie o topónimo (Nós Televisión, 03/05/25)
- Referentes nacionais pídenlle ao dépor que por fin sexa "da Coruña" (Xornal da Coruña, 06/05/25)
- Aquí tamén se fala segue colleitando apoios para normalizar o nome do Dépor (Xornal da Coruña, 17/05/25)
- Sen pancarta e sen resposta: a campaña polo topónimo oficial no Deportivo segue á espera do club (Praza, 20/05/25)
- Lamentan que non se permitise a entrada a Riazor dunha faixa co lema "O Dépor é da Coruña" (Xornal da Coruña, 20/05/25)
- 'Aquí tamén se fala' pide una reunión con el Deportivo para trasladar su deseo de modificar el topónimo del club (Cadena Ser, 21/05/25)
- Unha reivindicación frustrada en Riazor polo Día das Letras Galegas (La Opinión A Coruña, 21/05/25)
- Aquí tamén se fala galego. Conversa con Alberto Pombo e Arcadio González (Roxín Roxal, 30/05/25)
- O Dépor xa é "da Coruña" para o Concello: a terceira rolda perde o 'l' (Praza, 20/06/25)
- El Ayuntamiento se suma al movimiento de 'Aquí tamén se fala': la Tercera Ronda ya es "Real Club Deportivo da Coruña" (El ideal Gallego, 20/06/25)
- 'O Dépor é da Coruña'... al menos en la Tercera Ronda de la ciudad (Riazor.org, 20/06/25)
- O Dépor xa vai sendo da Coruña (Xornal da Coruña, 21/06/25)
- ETC ETC ETC

Impacto mediático

Alén das referidas, foron realizadas entrevistas radiofónicas en Cadena Ser, Cadena Cope, Radio Voz, Radio Galega, Radio Marca etc. No mesmo sentido, a noticia foi recollida por outros medios de comunicación como Marca, As, Mundo Deportivo, La Opinión, La Voz de Galicia, Deporté Campeón, Riazor.org, Televisión de Galicia etc a través da noticia do apoio do 100% dos colectivos que integran a Federación de peñas ou dos Riazor Blues.



DESTINATARIOS

E

PROTAGONISTAS

A mocidade estudantil

O noso instituto, o **IESP Rafael Dieste**, está na mesma rúa que o estadio de Riazor (Rúa Manuel Murguía) e é un dos centros con maior diversidade de todo o país, con máis de 60% de alumnado de **orixe migrante** cuxas familias proceden de máis de 35 Estados soberanos dos cinco continentes.

Aquí fálase Tehuelche, Wolof, Garífuna, Edo, Igbo, Fula, Galés ou Urdu. E, todo isto, convértenos **nun dos centros culturalmente máis ricos de todos cantos existan** e bríndanos, ademais, a oportunidade de traballarmos nun entorno onde o multilingüismo é unha realidade para moitos e moitas das rapazas que estudan aquí.

A **lingua** preséntase **como** unha **oportunidade de presente e de futuro**: as nosas accións pola lingua chaman os medios, permiten coñecer referentes culturais, iniciarse na xestión cultural, aprender ferramentas de produción audiovisual e mesmo creación musical con profesionais do sector. Isto provoca un efecto cadea e a lingua é a cada día unha realidade máis viva na nosa escola capaz mesmo de reverter a situación dentro das familias que naceron aquí, ou de dar nova oportunidade de **integración total** nunha cultura viva e solidaria, ás que o fixeron fóra.

Por iso seguiremos traballando. Pola mocidade. Pola contorna. Polas súas familias. Polo lingua do país.



O DÉPOR É DA CORUÑA!

PROMOCIÓN, E COORDINACIÓN

**Alberto Pombo, Mónica Reixía, Arcadio González e Ramón Barreiro.
Coordinadores da iniciativa e profesores de Lingua Galega, Física e
Química, Filosofía e Historia do IES Rafael Dieste**



O DÉPOR É DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
de Coruña



Concello da Coruña



DIESTE

AQUÍ
TAMÉN
SE FALA
GALEGO